

UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luis
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Muñoz López, Luís
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma
Rodríguez Ramilo, Silvia Teresa

ESTUDANTES:

García Camba, Xabier
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Gil Villanueva, José María
Grande Seara, Pablo
Noia Campos, M^a Camiño
Vila Alonso, Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 22 de novembro de dous mil dez, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **22 de novembro de 2010**, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes programas de doutoramento: “Arte contemporánea: creación e investigación”, “Integración económica rexional e políticas comunitarias”, “Oceanografía”, “Biotecnoloxía Avanzada” (interuniversitario Universidade de Vigo-Universidade da Coruña); “Biodiversidade e Ecosistemas”.
4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do plano de estudos de grao en Enxeñaría Informática.
5. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes universitarios.
6. Aprobación, se procede, da normativa de cambio de área de coñecemento.
7. Aprobación, se procede, da convocatoria extraordinaria do Plan especial de Promoción 2010.
8. Toma de acordo sobre o recurso relativo á denegación de solicitude como profesor emérito.
9. Tramitación das solicitudes de recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios e actividades académicas.
10. Aprobación, se procede, da conveniencia de proceder á reforma do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e, no seu caso, a apertura dun prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.

11. Estimación, se procede, do recurso de alzada de D. José María Chamorro Rivas e seis profesores máis, contra o acordo da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do 19 de maio de 2010, en relación coa praza de Profesor Titular no Departamento de Economía Aplicada que saíu a concurso polo Programa Especial de Promoción de 2007.
12. Estimación, se procede, do recurso presentado por Dna. Montserrat Vázquez Gestal contra o acordo de asignación de docencia do Consello de Departamento do Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual de data 27/04/2010.
13. Solicitude institucional á Xunta de Galicia en relación ás diversas accións do plan galego de I+D+i.
14. Delegación, se procede, na Comisión Electoral a modificación do “Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus”.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Santiago de Cali (Colombia) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Santiago de Cali; Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria) para o intercambio de estudantes.
16. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
 - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.
 - Comisión de Investigación: 1 estudante.
 - Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 estudante.
17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2010.

Cédese a palabra á secretaria xeral para pór de manifesto que por parte do Prof. Luis González Piñeiro solicitouse unha rectificación da acta nos seguintes termos: que na acta do Consello de Goberno non figura na relación de asistentes como decano/director, que ao final dá páxina (no punto 3) figura como Luis Piñeiro que é como o coñece a maioría pero falta o apelido primeiro, que no punto 12 onde di Centro Universitario “de” Defensa debe dicir “de la” Defensa e o nome do delegado do reitor e José Luis e ademais é delegado no “Centro Universitario de la Defensa” e non na Escola Naval de Marín. A proposta que se fai é a inclusión desas rectificacións na acta.

Tamén por parte do Prof. Luís González Piñeiro, en relación ao punto 3, di que cando solicitou o cambio de nome para Escola de Enxeñería Industrial o reitor díxolle que se o aceptaba normalización lingüística así o aceptaría. E que non lle consta que dixera nada respecto á unificación das denominacións dos centros. Toma a palabra o reitor para confirmar o sentido da súa intervención no anterior Consello de Goberno.

Intervén o Sr. Luís Pérez para pór de manifesto que en relación ao punto 14 da orde do día non está de acordo coa forma na que se trasladou á acta a súa intervención, xa que non

solicitou a anulación da acta, senón que se manifestou en contra por considerar improcedentes as manifestacións do decano pero entende que non se pode impugnar a acta. Acéptase a rectificación.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para pór de manifesto que o feito máis destacable desde o último Consello de Goberno é a obtención da mención de Campus de Excelencia Internacional para o Campus do Mar, feito sobradamente coñecido por todos os membros do Consello de Goberno. Fai constar a súa satisfacción por este logro de toda a comunidade universitaria. Agradece especialmente o traballo do equipo composto por 150 persoas que se dedicaron intensamente a perfeccionar o proxecto, chegando a renunciar ás súas vacacións. Tamén destaca a presenza no Campus de Vigo de Marius Rubiralta, Secretario Xeral de Universidades, que presidiu un acto de recoñecemento aos promotores do Campus do Mar que se celebrou no Campus de Vigo. Informa aos membros do Consello que a obtención da mención de campus de excelencia significa máis que a mera consecución dunha marca, que está en xogo entrar no ranking das universidades europeas. É importante que toda a comunidade universitaria estea orgullosa deste selo internacional que nos permitirá ter maior capacidade competitiva en Europa e internacionalmente. Sinala tamén que o próximo 3 de decembro visitará o Campus de Vigo José Manuel Silva Rodríguez, conselleiro especial de investigación da Comisión Europea. Impartirá unha conferencia sobre as prioridades en investigación e innovación para o futuro dos océanos, onde ademais informará sobre o VIII Programa Marco da Unión Europea.

Tamén informou que entre os primeiros movementos para pór en marcha o proxecto de Campus do Mar está o lanzamento da Escola Internacional de Doutoramento entre as Universidades de Galicia e o norte de Portugal.

Respecto ao financiamento da Universidade pola Xunta de Galicia, comunica que as negociacións aínda non acabaron. Que aínda están en discusión os criterios que van rexer a repartición. Aínda que hai reunións pendentes, está previsto que o Consello de Universidades se reúna o próximo 10 de decembro para facer a repartición, esta é a razón pola que se está pendente das cifras finais para facer unha valoración máis completa e obxectiva, e que, por esta mesma razón, este ano a elaboración do orzamento vai con certo atraso.

O reitor informa que deu conta aos medios de comunicación dunha valoración sobre os datos de matrícula do ano académico 2010/2011, particularmente en relación aos alumnos de novo ingreso e de posgrao. Sinala que respecto dos graos contabilizouse un incremento superior a un 13% no número de estudantes de novo acceso, a pesar que o límite de prazas descendeu en moitas titulacións coa implantación dos graos. Rexistrouse un incremento importante do número de titulacións pechadas en relación ao curso anterior, da orde do 55% ao 75%. Cita o incremento por ámbitos. Sinala que no ámbito de Humanidades o incremento foi do 5'5%, no Científico do 59,5% no Xurídico-Social do 7,5% e no Tecnolóxico de 1'2%. Respecto de Ciencias da Saúde non sufriu modificacións xa que de novo enche todas as titulacións na convocatoria de xuño.

Respecto dos posgraos, neste momento están autorizados 79 títulos, 35 de carácter profesionalizante e 44 de carácter investigador. Dos 35 de carácter profesionalizante 2 teñen iniciado o proceso de extinción segundo a súa propia normativa e 4 non ofertan matrícula de novo ingreso no curso 2010/2011. Así que á oferta global é de 73 títulos de máster universitario.

Tamén deu conta por ámbitos dos datos de incremento da matrícula respecto ao curso académico 2009 /2010: no ámbito de Humanidades o incremento é de 18%, Científico do 41%, Xurídico- Social, de 31% e Tecnolóxico do 27%.

Respecto da reunión no último Consello de Universidades co Ministro Ángel Gabilondo e o seu equipo, o reitor comentou que o máis destacable era: por unha banda o interese demostrado na reunión porque no primeiro semestre estivese ultimado o desenvolvemento normativo xustificado pola reforma da Lei orgánica de universidades (LOU). No referente ás normativas de centros e de departamentos, aventurouse que un primeiro borrador estaría listo no mes de xaneiro. Respecto ao Estatuto do PDI o seu proceso de elaboración vai máis lento e que está en fase de discusión sindical. O reitor comenta que o novo Estatuto regularía as obrigas en docencia e investigación e recoñeceranse como méritos a xestión e a transferencia de coñecemento, tamén fará referencia ao plan de dedicación académica, e á mobilidade interuniversitaria. En suma, que o novo Estatuto do PDI caracterizarase por unha nova definición da carreira profesional, pero que a súa publicación aínda esta pendente das negociacións da mesa sectorial e sindical.

Respecto ao proxecto do Real decreto polo que se regulan os ensinos conducentes aos estudos de doutoramento está neste momento pendente do ditame do Consello de Estado.

O reitor tamén informou de que xa foi aprobado polo CNEAI o recoñecemento de sexenios de transferencia de coñecemento, espérase que na próxima convocatoria de sexenios pódase iniciar unha experiencia piloto. Os docentes terán a opción de pedir sexenios por dúas vías: por investigación e por transferencia de coñecemento. Este novo mérito abre unha porta para potenciar o traballo de transferencia. É importante non só para o ámbito tecnolóxico, senón tamén para outros ámbitos como o xurídico social, permitindo valorar o traballo de investigación dunha forma máis completa. Cando chegue a información darase conta a través da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento.

Toma a palabra o Prof. Luís González Piñeiro para sinalar unha información aparecida nun xornal sobre datos de matrícula equívocos en relación ao Grao en Enxeñería de Organización Industrial, que establece que hai 3 matriculados e 37 prazas vacantes. Di que se trata dun dato falso porque das 80 prazas ofertadas 60 están ocupadas e 20 quedaron vacantes. Solicita que se faga por corrixir esta información.

Toma a palabra o Prof. Alejandro Pereira para preguntar se se lle pode facilitar un dossier completo dos datos de matrícula nos termos informados.

O reitor responde que lle serán facilitados.

Punto 3. Aprobación, se procede, dos seguintes programas de doutoramento: “Arte contemporánea: creación e investigación”, “Integración económica rexional e políticas comunitarias”, “Oceanografía”, “Biotecnoloxía Avanzada” (interuniversitario Universidade de Vigo-Universidade da Coruña); “Biodiversidade e Ecosistemas”.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que explica que no curso anterior foron aprobados os másteres que constitúen os períodos de formación deses programas. O que agora se somete a aprobación para a súa remisión á ANECA e aprobación formal dos programas de doutoramento.

Aprobase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do plano de estudos de grao en Enxeñaría Informática.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para informar que por parte da Escola de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense faise chegar unha proposta para modificar a memoria do Grao de Informática que está perfectamente xustificada. A memoria está exposta a información pública na web da Vicerreitoría de Profesorado. Resume as modificacións máis destacables:

Por unha banda, se trata de modificacións puntuais en descritores e competencias, e por outra, a implantación dun curso de adaptación para que os enxeñeiros técnicos xa titulados poidan obter o grao.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes universitarios.

Cedese a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que en COAP celebrada o 16/11/10 deuse o informe favorable á creación dunha praza de catedrático e 3 prazas de promoción de contratado doutor a Titular de Universidade, trátase das seguintes prazas:

O Prf. Lino José Álvarez Vázquez, acreditado como Catedrático de Universidade na área de Matemática Aplicada solicita dereito a promoción pola modalidade de posuír 3 sexenios de investigación.

Apróbase por asentimento.

O Prf. Marcos Curty Alonso acreditado como Profesor Titular de Universidade na área da Teoría do Sinal e a Comunicación solicita polo programa especial de promoción do PDI do ano 2008.

Apróbase por asentimento.

O Prof. José Ramón Fernández García acreditado como Profesor Titular de Universidade pola área Matemática Aplicada polo programa de promoción.

Apróbase por asentimento.

A Prof^a María del Carmen Ricoy Lorenzo acreditada como Profesora Titular de Universidade na área de Didáctica e Organización Escolar polo programa de promoción.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Aprobación, se procede, da normativa de cambio de área de coñecemento.

Cédese a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que, coa finalidade de adaptarse aos cambios derivados da modificación da LOU, propónse unha normativa de cambio de área de coñecemento. Sinala que ata hai pouco tempo a competencia correspondía á Comisión Académica do Consejo de Coordinación Universitaria, previo informe favorable do Consello de Goberno e da ANECA. A nova normativa non outorga competencias ao Consejo de Universidades para intervir no cambio de área, por iso deberá realizarse con arranxo á normativa de cada universidade. Propónse un procedemento interno para a tramitación das solicitudes de modificación de área de coñecemento ao que está adscrito o docente tanto no caso de profesorado funcionario como contratado doutor con vinculación permanente que veñan prestando os seus servizos na Universidade de Vigo por un período mínimo de 3 anos.

A vicerreitora dá conta aos asistentes dos requisitos e o procedemento para solicitar o citado cambio de área, que non deberá prexudicar a contratación de novo profesorado. De aí que de entre os requisitos precísase un informe dos departamentos implicados.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, da convocatoria extraordinaria do Plan especial de Promoción 2010.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que expón que desde o ano 2005 sucedéronse 5 plans especiais de promoción de profesorado a través dos cales consolidáronse 59 docentes e investigadores de diversas categorías. Con todo, detectouse a existencia de profesorado e persoal investigador que, tendo acreditado un alto nivel de competencia nos seus campos, non foron capaces de lograr unha praza nos distintos plans debido ás características das anteriores convocatorias. A convocatoria extraordinaria que se propón para a súa aprobación polo Consello de Goberno pretende ofrecer unha última oportunidade ao persoal investigador e Axudantes que non foron seleccionados en ningún programa especial de promoción de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo a pesar de demostrar unha traxectoria do alto nivel de excelencia na súa carreira académica. A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións definiu o plan extraordinario como un plan de choque que se desenvolverá como un concurso de méritos. Convócanse 5 prazas de profesor Titular de Universidade. As prazas terán as mesmas obrigacións docentes que as que corresponden ao profesorado a tempo completo. A valoración do curriculum será feita pola Comisión de

Investigación e a selección será efectuada pola COAP. O plan foi presentado ao Comité de Empresa e á Xunta de PDI.

Ábrese unha roda de intervencións.

Toma a palabra o Prof. Armando Caballero para dicir que non se opón á convocatoria extraordinaria pero que ten unha serie de dúbidas sobre algúns aspectos da mesma. Pregunta á vicerreitora sobre cales son as obrigas docentes das prazas que saen a concurso, cales son as áreas ás que van destinadas as prazas, ou sobre o número de posibles concursantes. Tamén sinala a necesidade de realizar unha planificación plurianual.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións responde cada unha das preguntas.

O reitor toma a palabra para dicir que se está facendo unha planificación pero que é preciso saber cal é o escenario económico dos próximos anos, a planificación debe facerse en función da xente que está dentro da Universidade.

O reitor sinala que a convocatoria está negociada cos sindicatos e que foi exposta na mesa de negociación. O obxectivo é que non se perda nin unha pinga de talento buscando solucións intelixentes.

Toma a palabra o Prf. Armando Caballero para dicir que cómpre evitar que se produzan agravios comparativos coas persoas que o próximo ano consigan a súa acreditación a Titular de Universidade.

O reitor reponde que a convocatoria extraordinaria ten como finalidade captar á persoas que xa estaban fóra porque finalizara a súa vinculación coa Universidade. O Prf. Armando Caballero di que estes investigadores poderían presentarse a unha convocatoria ordinaria.

Toma a palabra o Prf. José Bienvenido Díez para dicir que se lle transmitiu certa preocupación pola necesidade de que sexa requisito a acreditación para Titular de Universidade, que pode darse o caso de persoas que non poidan presentarse e que queden prazas libres; que valora positivamente este plan, pero que fan falta máis prazas e se hai algunha forma de eliminar o requisito da acreditación para profesor titular; se se pode facer un seguimento da xente que se presenta a esta convocatoria especial e se quedan prazas vacantes que non se perdan. A vicerreitora de Organización Académica di que a acreditación como titular de universidade é un requisito imprescindible para presentarse, non a acreditación como contratado doutor.

O reitor di que non se vai a perder o esforzo económico de creación das prazas, que incorporaranse ao Plan de promoción ordinario.

O Prf. José Bienvenido Díez toma a palabra para solicitar a presenza de representantes sindicais na avaliación do curriculum e na adxudicación destas prazas.

O reitor di que se fará unha invitación para que poidan participar.

Toma a palabra a Prf^a. Mercedes Suárez para recomendar que as prazas sacadas a concurso se distribúan por grandes áreas para non crear desequilibrios entre centros e áreas. Sinala que hai áreas ou centros nos que o profesor pode ter grandes dificultades para consolidarse pola vía da investigación dada a súa carga docente.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Toma de acordo sobre o recurso relativo á denegación de solicitude como profesor emérito.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que expón o contido do recurso interposto polo Prof. D. José Antonio González Taboada contra o acordo da COAP, que na súa reunión de 19 de maio de 2010 acordou informar desfavorablemente a súa solicitude de profesor emérito, por carecer de tramos de investigación (sexenios) avaliados favorablemente. A vicerreitora de Organización Académica expón os argumentos nos que o profesor fundamenta o seu recurso, expón que foi analizado na reunión da COAP de 11 de novembro de 2010 e que acordou ratificar a decisión da anterior sesión.

A vicerreitora de Organización Académica informa aos presentes que se ben é certo que na Universidade de Vigo non hai unha normativa sobre os requisitos académicos e de investigación que debe reunir un profesor para ser nomeado emérito. En outras universidades o número de sexenios é un criterio habitual e que, por exemplo, a Universidade da Coruña esixe ter recoñecidos polo menos tres tramos de investigación (3 sexenios), a Universidade de Santiago de Compostela esixe un número superior de sexenios que o sitúe no cuartil superior en relación á área.

A vicerreitora de Organización Académica propón a desestimación do recurso.

Ábrese unha roda de intervencións.

Toma a palabra o Prof. Manuel Deaño para pór de manifesto o seu desacordo coa proposta de desestimación do recurso. Na súa opinión, non hai razón para denegar a solicitude ao Prof. González Taboada pola ausencia de tramos de investigación, o importante non é o número de sexenios obtidos, senón o número de teses dirixidas, os proxectos de investigación obtidos: que por outra banda cada traballador ten dereito a xestionar o seu futuro.

O reitor toma a palabra para dicir que a condición de profesor emérito non constitúe un dereito do traballador, senón que se trata dun mérito excepcional, que o colectivo de profesores eméritos é moi escaso na universidade española e que non se pode xeneralizar devandita condición.

Toma a palabra o Prf. Alejandro Pereira para sinalar que non habendo normativa clara respecto diso debería ser estimado, que lle consta que é un bo docente e que a liña doutras Universidades é recoñecer os méritos docentes.

Toma a palabra o Prof. Luís Muñoz para apoiar a proposta da COAP.

O Prf José Bienvenido Díez toma a palabra para propor que se elabore unha normativa sobre profesores eméritos e sexa negociada na mesa de PDI.

Sométese a votación:

Votos en contra da desestimación do recurso: 0

Votos a favor da desestimación do recurso: 29

Abstencións: 9

Acórdase desestimar o recurso.

Punto 9. Tramitación das solicitudes de recoñecemento de créditos de libre elección por cursos, seminarios e actividades académicas.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica que propón que coa finalidade de axilizar e unificar o proceso de recoñecemento de créditos de libre elección sexa a Comisión de Extensión Universitaria a encargada do estudo tramitación e aprobación das solicitudes para todo tipo de cursos e actividades susceptibles de recoñecemento por créditos de libre elección.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da conveniencia de proceder á reforma do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno e, no seu caso, a apertura dun prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.

Cédese a palabra á secretaria xeral que expón que a reforma do regulamento de funcionamento interno do Consello de Goberno vén imposta pola necesidade de adaptar algunhas das súas disposicións á LOU e aos Estatutos da Universidade de Vigo.

A secretaria xeral expón o procedemento de reforma que deberá levar cabo con arranxo ao disposto no Capítulo IV do actual Regulamento. Nesta sede o art. 27 establece que as propostas de reforma irán dirixidas ao Reitor e irán acompañadas dun texto articulado e da argumentación nas que se fundamentan os cambios propostos. Todas as propostas deberán enviarse a través de secretaria xeral.

O prazo de presentación de propostas finaliza o 17 decembro. Posteriormente convocarase un Consello de Goberno extraordinario para o debate.

A aprobación do regulamento reformado require a aprobación da maioría absoluta en primeira votación (29 votos) e 3/5 dos presentes en segunda.

Seguidamente, a secretaria xeral explica aos asistentes que as modificacións que se propoñen no borrador de regulamento enviado aos membros do Consello de Goberno coa

convocatoria e a orde do día aparecen en cursiva e subliñadas as modificacións que se propón, e que afectan basicamente ás seguintes disposicións:

Art. 3: relativo á composición do Consello de Goberno e a presenza con voz pero sen voto dos representantes sindicais designados polas organizacións sindicais con presenza nas xuntas de persoal e comité de empresa, (trátase de adaptalo ao disposto no Art. 37.g dos Estatutos).

Art. 8: afecta ao modo de realizar a convocatoria e a remisión da mesma aos membros do Consello de Goberno:

- Especificase que a orde do día enviarase electronicamente.
- Especificase que a convocatoria remitirase á dirección electrónica que posúa cada membro e no seu caso a que proporciona a Universidade.
- No caso dos alumnos no período que non haxa docencia remitíraselle aos seus domicilios particulares. Suprímese a esixencia de comunicación aos seus domicilios particulares por correo certificado.

Art. 14.5: relativo á notificación de acordos por vía electrónica aos decanos e directores de departamentos no prazo de 4 días hábiles tras a finalización do Consello de Goberno e ao resto da comunidade universitaria.

Art. 14.6: relativo ao procedemento de aprobación de actas aprobábase na mesma ou na seguinte sesión ordinaria.

Art. 18.1.b): Composición das comisións estables delegadas de Consello de Goberno:

Art. 20: Algunha modificación de estilo nas funcións da Comisión de Organización Académica e Profesorado.

Art. 22: Algunha modificación nas funcións da Comisión de Investigación.

Modificación do epígrafe o Capítulo IV: Da elección dos membros do Consello Social e da Comisión de Estudos de Posgrao (que substitúe á anterior mención de Comisión de Doutoramento).

Art. 25: Reforma íntegra, xa que se substitúe á anterior Comisión de Doutoramento pola Comisión Estudos de Posgrao de acordo co previsto no Regulamento de estudos oficiais de posgrao aprobado polo Consello de Goberno de marzo de 2007.

Art. 26: relativo á Comisión de Reclamacións das prazas de profesorado contratado non permanente: substitúese “profesor funcionario doutor” por “profesor con vinculación permanente”. E tamén se propón un novo procedemento para a selección dos seus membros.

Introdúcese unha Disposición Adicional sobre a obriga de garantir a paridade entre homes e mulleres e que a Comisión Electoral garantirá as normas que sexan necesarias.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro para indicar que cando se fixeron as reformas do art. 37 g) dos Estatutos relativo á presenza no Consello de Goberno de representantes sindicais con voz pero sen voto hai un fallo de transcripción pois debería indicarse que eses representantes sindicais son os designados polas organizacións sindicais con “máis” presenza na Xunta de Persoal e Comité de Empresa, pero que por tal fallo de transcripción a proposta non quedou recollida na o redacción definitiva.

O reitor respóndelle que ese debate queda fóra do actual Consello de Goberno que se limita a propor a aprobación da necesidade da reforma.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Estimación, se procede, do recurso de alzada de D. José María Chamorro Rivas e seis profesores máis, contra o acordo da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) do 19 de maio de 2010, en relación coa praza de Profesor Titular no Departamento de Economía Aplicada que saíu a concurso polo Programa Especial de Promoción de 2007.

Foron invitados como interesados o Prof. Gonzalo Caballero e o Prof. Juan Pintos Clapés.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. José María Rivas Chamorro e 6 profesores do Departamento Economía Aplicada contra un acordo da COAP de data de 19 de maio de 2010 relativo á asignación de docencia e a campus dunha praza obtida polo procedemento de Plan de Promoción Especial de 2007.

O citado acordo da COAP de 19 de maio de 2010 acordou que a praza de Profesor Titular correspondente ao Programa de promoción especial 2007 debería ter asignada a docencia no POD 2010/2011 no Campus de Pontevedra por ser considerado o máis deficitario de acordo co escrito do vicerreitor de Profesorado de 4 de maio de 2010.

A secretaria xeral expón aos asistentes os argumentos dos recorrentes nos que fundamentan a impugnación do acordo e que son os seguintes.

Que a xuízo dos recorrentes este acordo da COAP:

Supón restrinxir as facultades do Departamento de Economía Aplicada en materia de organización docente tal e como se recolle no art. 15.2 do Regulamento de funcionamento interno, segundo o cal, é competencia do Departamento elaborar e aprobar o plan actual anual de actividades docentes investigadoras.

Que o acordo de a COAP contradí un escrito do vicerreitor de Profesorado enviado ao Departamento de Economía Aplicada o 4 de maio de 2010 polo que entenden que a COAP no seu acordo de 19 de maio de 2010 se extralimita nas súas competencias.

Os recurrentes solicitan deste órgano colexiado que se admita o recurso e que se proceda á rectificación da decisión tomada pola COAP relativa ao caso tratado.

A continuación a secretaria xeral dá conta da documentación que consta no expediente e cuxa copia obra en poder dos membros do Consello de Goberno: o recurso interposto polos profesores mencionados, o escrito do vicerreitor de Profesorado dirixido ao Departamento de Economía Aplicada, no que se ofrecen unha serie de criterios para a elaboración do POD do curso académico 2010/2011, e o informe da Asesoría Xurídica.

Seguidamente a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica. O informe di que respecto ao primeiro punto do recurso relativo ás competencias da COAP transcribe un anterior informe da Asesoría Xurídica de 22 de marzo de 2010 que di que a COAP actúa por delegación do Consello de Goberno para aprobar o tribunal, perfil e polo tanto o centro de asignación da praza. De acordo con este informe é a COAP e o Consello de Goberno os que determinan a adscrición dunha praza aínda centro co seu correspondente campus polo que o Departamento non é competente para asignar unha praza a un centro.

Respecto ao segundo argumento do recurso, de que o acordo da COAP contradí un escrito do vicerreitor de Profesorado de 4 de maio de 2010. O Informe non aprecia dita contradición, e que aínda que é certo que o vicerreitor de Profesorado analiza diversas posibilidades para a elaboración do POD e destaca as competencias dese órgano, conclúe que a solución máis acertada sería asignar no POD de 2010/ 2011 a docencia da nova praza ao Campus de Pontevedra.

Que o escrito do vicerreitor de Profesorado é de carácter informativo e anterior ao acordo tomado pola COAP na súa sesión do día 19 de maio de 2010.

Que o citado acordo da COAP de 19 de maio de 2010 alude a este escrito para a asignación da docencia no Campus de Pontevedra por consideralo o máis deficitario.

Así mesmo o órgano competente para elaborar o POD é neste caso o Consello de Departamento de Economía Aplicada que aproba con data de 1 de xuño o POD de acordo coa COAP asignando ao campus de Pontevedra dita praza.

Polo exposto, e non constando defecto de forma no citado acordo, nin sendo alegado polos recurrentes, o informe da Asesoría Xurídica aconsella a desestimación do recurso por non apreciarse motivos de anulación no acordo da COAP impugnado de data de 19 de maio de 2010.

Por todo o anterior, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é a desestimación do recurso.

O reitor cede a palabra ao Prof. Gonzalo Caballero quen desiste facer uso da palabra.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Punto 12. Estimación, se procede, do recurso presentado por Dna. Montserrat Vázquez Gestal contra o acordo de asignación de docencia do Consello de Departamento do Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual de data 27/04/2010.

Foron invitados como interesados a Prf^a. Montserrat Vázquez Gestal, a Prf^a. María Isabel Miguel González e Prf^a. Enma Torres Romay. Todas asisten ao Consello de Goberno.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que se trata dun recurso dealzada presentado pola Prf^a. Montserrat Vázquez Gestal contra o acordo do Consello de Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade de 27 de abril de 2010 por que o que se procede a unha asignación de materias para o POD do curso académico 2010/2011 polo sistema de votación

A secretaria xeral expón aos asistentes os argumentos dos recorrentes nos que fundamentan a impugnación do acordo. En concreto, a recorrente expón que solicitou impartir no curso 2010/2011 a docencia nas materias Creatividade Publicitaria (150 horas) e Estratexias da Actividade Publicitaria (80 horas) no Grao de Publicidade e Relacións Públicas.

Que en concreto, Estratexias da Actividade Publicitaria foi solicitada por outra profesora contratada doutora con menos antigüidade.

Que para desbloquear a situación o Consello de Departamento celebrado o 27 de abril someteu a votación a docencia que na súa opinión debía impartir sendo prexudicada polo resultado da votación.

A recorrente solicita que se lle permita impartir a docencia solicitada e que o conflito entre ambas as peticións resólvase de acordo aos criterios establecidos pola Universidade.

A continuación a secretaria xeral dá conta da documentación que consta no expediente e cuxa copia obra en poder dos membros do Consello de Goberno: o escrito do recurso e o informe de Asesoría Xurídica onde figuran os antecedentes e a documentación que foi solicitada á recorrente.

Seguidamente, a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica. O informe da Asesoría Xurídica cuestiona a xuridicidade do procedemento seguido polo Departamento, non podendo probar o acordo de Consello de Departamento sobre os criterios seguidos polo mesmo para a repartición da docencia, o informe trae a colación unha sentenza do TSXG de 30 de xuño de 2010 recaída nun procedemento no que foi parte a Universidade de Vigo e que do seu Fundamento xurídico 2º despréndese que é preciso utilizar uns criterios para a asignación de docencia en POD.

Segundo o informe da Asesoría Xurídica a sentenza parte da base que non deben conculcarse os principios de xerarquía do corpo docente, antigüidade aínda que non deben ser os únicos que deben ser tidos en conta O informe da Asesoría Xurídica partindo do exposto na sentenza do TSXG e aplicándoos ao presente recurso é partidario de que non pode conxugarse aqueles criterios cunha asignación da docencia que se apoie unicamente sobre unha votación sen estar motivada ou sustentada na aplicación duns criterios.

Por todo o exposto, o informe da Asesoría Xurídica aconsella que se estime o recurso, devolver o procedemento para que por parte do Consello de Departamento exérganse as competencias de asignación da docencia neste suposto mediante a aplicación e aprobación duns criterios. O informe da Asesoría Xurídica adxunta ademais un segundo informe de data de 22 de abril de 2010 sobre a prelación entre as diferentes categorías de persoal docente e investigador.

Por todo o anterior, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é a estimación do recurso.

O reitor cede a palabra á Prof^a Montserrat Vázquez Gestal que intervéñ para corrixir o nome da materia en conflito que se cingue a Estratexias da Actividade Publicitaria.

O reitor cede a palabra á Prof^a María Isabel Míguez González, como coordinadora da área pertencente ao Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade. Toma a palabra para explicar os pasos dados na área e no Departamento para liquidar o conflito de asignación da docencia na materia Estratexias da Actividade Publicitaria. Sinala que se solicitou ás docentes que reconsideren a súa posición, un informe a Asesoría Xurídica, consultouse os procedementos de asignación doutras universidades, fixéronse reunións de área sen alcanzar un acordo sobre os criterios a aplicar nin á xerarquía entre os mesmos. Que finalmente no Consello de Departamento optouse pola votación con dúas opcións diferenciadas para desbloquear o conflito. Que os criterios apuntados polo Departamento non garanten a solución ao conflito e que debería ser obxecto dunha normativa xeral. Para rematar solicita información de como resolver o recurso no caso de que se estime o recurso.

O reitor dá a palabra á Prf^a Emna Torres Romay que sinala que está de acordo coa intervención da Prf^a M^a Isabel Míguez González, cuestiona a validez dalgúns dos criterios obxecto de discusión como o de antigüidade, que na súa opinión non é un criterio idóneo para asignación de docencia.

O reitor reitera a proposta da estimación do recurso.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Solicitude institucional á Xunta de Galicia en relación ás diversas accións do plan galego de I+D+i.

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación quen procede a dar lectura ao escrito presentado por seis membros do Consello de Goberno polo cal solicitouse que se introducese como punto da orde do día unha solicitude institucional á Xunta de Galicia da información e participación no deseño dun Plan Galego de I+D+i, así como, a convocatoria inmediata das axudas de recursos humanos programadas non Plan Incite e a creación dunha Axencia Galega de Investigación que unifique todos os procesos de convocatoria e xestión de axudas, e incorpore as innovacións das autonomías máis avanzadas da contorna (ICREA, Ikerbasque).

A Vicerreitora de Investigación informa que hai un escrito nesta liña apoiado polas tres Universidades galegas, que continúan as negociacións coa Xunta de Galicia para acadar un acordo sobre o novo Plan de I+D+i que deberá quedar fixado nun borrador que será sometido a estudo. En relación co programa de recursos humanos, a vicerreitora de Investigación, afirmou que a necesidade de dar continuidade ao Plan INCITE traducirase nun borrador de convocatoria que se publicará no DOG, pero que aínda está en estudo, mentres que non dá creación dunha Axencia Galega de Investigación, a Vicerreitora apuntou a conveniencia de incluír os aspectos relativos á investigación básica na Axencia Galega de Innovación que xa está en marcha para reforzar a idea de xestión conxunta.

O reitor cede a palabra a Silvia Rodríguez que agradece á vicerreitora as accións xa iniciadas, parécelle acertada a proposta da Vicerreitora de Investigación de incluír a investigación básica na Axencia Galega de Innovación, pero manifesta a súa preocupación pola inexistencia dun Plan de I+D+i á altura do mes de novembro que substitúa ao actual, que remata este ano, manifesta a súa preocupación polo futuro de traballadores científicos afectados pola suspensión das novas convocatorias de recursos humanos e que determinará que moitos deles a partir de decembro vaian á rúa. Solicita que desde o Reitorado sígase solicitando á Xunta de Galicia que actúe con urxencia neste punto.

O reitor toma a palabra para agradecer a iniciativa que está en liña coas actuacións que está levando a cabo o equipo de goberno polo que se a solicitude vai acompañada polo acordo de Consello de Goberno a súa petición ve máis reforzada.

Apróbase por unanimidade solicitar á Xunta de Galicia o deseño dun Plan Galego de I+D+i, así como a convocatoria inmediata das axudas de recursos humanos programadas no Plan Incite e a creación dunha Axencia Galega de Investigación que unifique todos os procesos de convocatoria e xestión de axudas e incorpore as innovacións das autonomías máis avanzadas dá contorna.

Punto 14. Delegación, se procede, na Comisión Electoral a modificación do “Regulamento para a elección de membros dos Consellos de Campus”.

Cédese a palabra á secretaria xeral que expón que se van convocar eleccións aos consellos de campus de Ourense e Pontevedra, xa que, están integrados por profesores e alumnos claustrais e deben ser renovadas as súas composicións de acordo coas eleccións celebradas en maio.

O regulamento electoral existente foi aprobado polo Consello de Goberno non ano 2003, polo que é necesario proceder á súa modificación para adaptalo aos Estatutos da Universidade en materia de paridade, así como ao voto electrónico, procedemento de votación que se vai utilizar nesta selección. Dado que durante todo o proceso electoral os prazos son moi curtos é moito máis operativo que calquera modificación que sexa necesario realizar no regulamento poida ser aprobada pola Comisión Electoral. Ademais, en todas as eleccións (Claustro, Reitor, Consello de Departamento) o procedemento electoral é aprobado pola Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Santiago de Cali (Colombia) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Santiago de Cali; Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a University Mohamed Khider Biskra (Algeria) para o intercambio de estudantes.

Apróbase por asentimento.

Punto 16. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.

Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.

Comisión de Investigación: 1 estudante.

Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 estudante.

Cédese a palabra á secretaria xeral que indica que non procede facer elección xa que non houbo candidaturas.

Punto 17. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar sobre o programa de bolsas exterior, pola entrada en funcionamento do gabinete de prensa no campus de Ourense, pola planificación dos posgraos.

Toma a palabra o reitor para indicar que xa terminou o proceso de selección do persoal que cubrirá o gabinete de prensa do Campus de Ourense, e tomarán posesión en breve para comezar a traballar.

Toma a palabra a vicerreitora do Campus de Ourense para explicar o proceso.

Neste curso xa se están disfrutando das becas, unha na Facultade de CC. Empresariais e Turismo e outra na Escola Superior de Enxeñería Informática, que o resto das solicitudes quedaron desertas por non cumprir o requisito de estar matriculado en nun grao o posgraos en calquera centro do Campus de Ourense.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para pedir información sobre o pago completo das pagas extraordinarias, sobre se existe algunha instrución da vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado para a implantación dos diversos graos na Escola de Enxeñería; por outra banda reclama ao reitor o organigrama coa composición, competencias ou funcións do actual equipo de goberno, tamén pregunta sobre o funcionamento da TV-UVigo e se existe algunha prioridade ou criterios na súa programación. Para rematar, felicita ao reitor polo esforzo na proxección institucional da Universidade de Vigo.

Toma a palabra o reitor para indicar que, respecto ás pagas extras, solicitouse informe xurídico para saber o que se pode facer. Respecto ao organigrama xa foi enviado ao Prof. Jaime Cabeza.

Toma a palabra a vicerreitora de Organización Académica para sinalar que para a implantación dos graos continúa recibindo propostas dos centros implicados, que hai opinións moi dispares e está á espera dunha opinión consensuada cos mesmos.

Toma a palabra a Pr^{fa} Ana María Mejías Sacaluga nos mesmos termos que a vicerreitora.

Intervén a Pr^{fa} Mercedes Suárez para pór de manifesto que os altos custos en mantemento e subministracións do Edificio de Ferro impide dedicar os orzamentos da Facultade a outro tipo de actividades académicas.

Responde o vicerreitor de Planificación para indicar que é consciente dos gastos que xeran algunhas infraestruturas, que teñen algunhas ideas para optimizar este tipo de custos.

Intervén a Pr^{fa} Anabel Fernández Santos para solicitar que se notifique o acordo de estimación do recurso interposto pola Pr^{fa} Montserrat Vázquez Gestal ao Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Intervén o Sr. José Bienvenido Díez para adherirse á reclamación das pagas extras e solicitar unha normativa para a elaboración do POD.

Intervén o Sr. Xan Cebro para agradecer ao reitor a resposta ás preguntas formuladas no anterior Consello de Goberno, felicítalle pola obtención da cualificación de campus de excelencia a o Campus do Mar. Aproveita para solicitar que sexa persoal da Universidade de Vigo e pagado con cargo ao Capítulo I o que traballe no futuro edificio da Escola Internacional de Posgrao. Que respecto da unificación das diversas escolas de enxeñarías nun único centro pon de manifesto que o proceso de unificación foi académico, pero non hai unha idea clara respecto da unificación dos servizos administrativos, no referente aos funcionarios e aos postos de traballo.

Sinala que nos futuros orzamentos, vótase en falta que non hai un proxecto para convenio colectivo sobre indemnizacións por xubilación anticipada. Por último, o Sr. Xan Cebro queixouse do baixo coeficiente que presenta o PAS da Universidade de Vigo respecto do das outras dúas institucións académicas galegas e fixou en 145 os funcionarios que serían precisos na RPT.

Intervén o Sr. Xavier García, para preguntar cal é a porción dos orzamentos que lle corresponden á Universidade de Vigo na repartición deste ano, e demandou que se inste á Xunta de Galicia que manteña e incremente o investimento en educación universitaria e que debe aspirar a 1,5 do PIB. Tamén solicita información ao reitor sobre a noticia aparecida no periódico con relación á visita de Benedicto XVI asinada polo reitor da Universidade de Vigo.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar se é certo que haberá unha redución do 10% nos orzamentos de centros e departamentos nos anos próximos, se se pode anticipar un recorte noutras partidas.

Responde o vicerreitor de Planificación sinalando que é bastante razoable barallar unha redución dese calibre. Sinala que nos próximos orzamentos é preciso facer un axuste dos orzamentos do ano 2010 e os do ano 2011 polo que hai que adaptar obrigatoriamente o gasto ao ingreso real.


Intervén o Prof. Luís Muñoz para recomendar a necesidade de elaborar unha normativa que regule a mobilidade dos profesores intercampus. Criticou os criterios de antigüidade e xerarquía para repartición da materias en POD como vellos criterios con resabios militares e reclamou máis creatividade na ideación deses criterios de repartición do POD.


O reitor responde que o debate sobre a elaboración da futura normativa vai máis alá do debate sobre os criterios precisos para repartición do POD, pois implica unha redefinición das funcións dos centros e departamentos de acordo co novo programa de organización académica.

Intervén a Prf^a Ana Mejías Sacaluga para transmitir o malestar do seu centro pola implementación do Máster de Enxeñería Industrial na USC.

O reitor solicitará que se arbitre unha solución na próxima reunión no Consello Galego de Universidades.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do día 22 de novembro de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.


O reitor
Salustiano Mato de la Iglesia


A secretaria xeral
M^a Inmaculada Valeije Álvarez